

Concello de Viveiro

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 4 DE DECEMBRO DE 2024.

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA

D^a MARÍA LOUREIRO GARCÍA

CONCELLEIROS

D. Jesús Fernández Fernández, D^a Lara Fernández Fernández Noriega, D^a Catalina Fernández Méndez, D^a Andrea Ríos Rodríguez, D^a Miriam Bermúdez García, D^a Iria Cotelo Cociña, D. Juan Ramón Martínez Castro, D^a María del Carmen Gueimunde González, D. Martín Vale Cobo, D. Domingo González López, D. Pablo Varela Sánchez, D^a Saray Ventura Fernández, D. Vicente Vázquez Chao, D^a Erea Rivera Vázquez, D. Bernardo Fraga Galdo e D. Manuel Galdo Dopico.

SECRETARIA XERAL

D^a. Mari Luz Balsa Rábade.

INTERVENTORA MUNICIPAL

D^a. Marta González Arias

No salón de Sesiões, sendo as 19:30 horas do día 4 de decembro de 2024, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico o acto. Por motivos técnicos para a gravación da presente sesión plenaria, demorase o acto de inicio ata a conexión por parte de todos os equipos dos membros asistentes.

Non asiste ao pleno a Interventora Municipal.

Comprobado pola Secretaria a existencia de quórum necesario, declárase aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

ASUNTOS TRATADOS NA SESIÓN PLENARIA

ORDE DO DÍA

1ª PARTE

PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 6 DE NOVEMBRO DE 2024.

2ª PARTE:

PARTE DECLARATIVA

1.-PROPOSTA DE GOBERNO PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A MANTER OS POSTOS DE ANIMADORES E ANIMADORAS SOCIOCULTURAIOS NOS ESPAZOS XOVES. (EXPTE.-7897/2024)

2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE A FIN DE SOLICITAR ACORDO PARA A PRESENTACIÓN Á CONVOCATORIA DOS PREMIOS NACIONAIS DE DISCAPACIDADE REINA LETIZIA NA CATEGORÍA CULTURA INCLUSIVA.

3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE A CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP ASUMA AS SÚAS COMPETENCIAS CON RESPECTO AOS CONSERVATORIOS CON TITULACIÓNS OFICIAIS.



Concello de Viveiro

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA IMPULSAR A REHABILITACIÓN DO CONSERVATORIO DE VIVEIRO E GARANTIR O FINANCIAMENTO COMPROMETIDO POLA DEPUTACIÓN NO ACORDO DE GOBERNO DO 2023.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO PARA A CREACIÓN DO MUSEO DA IMPRENTA DE VIVEIRO.

3ª PARTE: **PARTE DE CONTROL**

1.- DACION DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

2.- DACION DE CONTA DOS CONCELLEIROS NOMEADOS NA MODIFICACIÓN DE CONCELLEIROS DESIGNADOS POR PARTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA FORMAR PARTE DOS ORGANOS COLEXIADOS.

3.-ROGOS E PREGUNTAS.

1ª PARTE

PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 6 DE NOVEMBRO DE 2024.

Non existindo obxeccións apróbase por unanimidade a acta da sesión de data 6/11/2024.

2ª PARTE:

PARTE DECLARATIVA

1.-PROPOSTA DE GOBERNO PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A MANTER OS POSTOS DE ANIMADORES E ANIMADORAS SOCIOCULTURAIOS NOS ESPAZOS XOVES. (EXPTE.-7897/2024)

Vista a proposta de goberno para instar á Xunta de Galicia a manter os postos de animadores e animadoras socioculturais nos espazos xoves, que se transcribe a continuación:

“A Xunta de Galicia vén de adoptar a decisión de eliminar os postos de Animadores e Animadoras Socioculturais de todos Espazos Xoves de Galicia, entre os que se atopa o do Concello de Viveiro, coñecido por todos como Casa da Xuventude.

Consideramos que esta decisión afecta de xeito importante á nosa mocidade e, nese sentido, dende o Concello de Viveiro xa temos solicitado unha reunión co Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, e coa Directora Xeral de Xuventude, Lara del Carmen Meneses Álvarez, para abordar esta cuestión.

A Casa da Xuventude é un espazo de referencia para os nosos mozas e mozas, no que disfrutaban das actividades e propostas levadas a cabo polos animadores e animadoras; un lugar de encontro e xuntanza seguro que, coa eliminación destes postos, permanecerá pechado os sábados, nas vacacións de Nadal ou nas tardes de verán, que é, precisamente, nas data e horarios nos que os seus usuarios e usuarias teñen máis tempo libre para disfrutar deste espazo.

A Casa da Xuventude é un punto de referencia a mocidade; tras un tempo de menor actividade, no que tamén se prohibiu o uso da pista deportiva, este Espazo Xove estaba comezando a despuntar novamente, desenvolvendo a súa función como espazo de desenvolvemento e integración, así como punto de referencia para a formación, a dinamización e a participación xuvenil. Cómpre destacar, neste sentido, que o Grupo de Participación Xuvenil do Concello de Viveiro xa transmitiu ao goberno municipal a súa desilusión pola eliminación dos postos de animadores e animadoras socioculturais.

A Xunta de Galicia motiva esta decisión por cuestións económicas e, dende o goberno municipal, non se entende que a xuventude non sexa unha prioridade; a labor dos Espazos Xoves, como lugares de encontro, crecemento e



Concello de Viveiro

participación, é moi necesaria e investir nestes postos de animadores e animadoras socioculturais é fundamental, para que continúen realizando actividades educativas, culturais e de lecer, colaborando coas agrupacións xuvenís existentes e establecéndose como figuras de apoio nun espazo para o desenvolvemento persoal e social da mocidade.

Por todo canto antecede, propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Instar á Xunta de Galicia e, en concreto á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a reconsiderar esta medida, mantendo os postos de animadores e animadoras socioculturais nos Espazos Xoves de Galicia.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, concelleira de Cultura, dando lectura á proposta.

Intervén D^a. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestando que o espazo xove pertence á Xunta e conta con dúas prazas, unha de director como persoal funcionario, que se ocupa en comisión de servizo e outra de persoal laboral con cobertura por adscrición provisional ou lista temporal de contratación. Informa que agora hai unha animadora contratada a través do programa Corresponsables, contrato previsto para catro meses que se prorrogou por un ano, rematando o 15 deste mes e como en todos os contratos un sabe cando comenza un contrato e cando remata, máis sendo un programa, circunstancia que non sucede só na Xunta, tamén no Concello. Informa que a directora elabora un programa de actividades no mes de decembro para 2025 e remíteo á Dirección Xeral. A Xunta en xaneiro asigna consignación para que contrate monitores segundo as súas prioridades de actividades (música, danza,...). Apunta que hai mais actividades no centro xa que se ceden as instalacións a entidades, como por exemplo Bâgoas da Terra. Pregúntase que fai o Concello polos xoves do municipio, aludindo a que a piscina non abre todos os días, nin todos os meses, recordando que os domingos está cerrada e indica que os pavillóns, as pistas e campos de fútbol municipal están pechados as fins de semana cando a xuventude podería usalos.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, comentando que isto é un dato obxectivo. Entende que na tempada de vacacións de Nadal a xuventude perde un servizo esencial e básico. Alude a que se está a falar da cuestión persoal desa persoa cando a proposta é para esixir un servizo e reprocha que cando se esixe ao Concello a prestación de servizos non se analizan esas cuestións e dan igual as contrariedades, polo que aquí faise o mesmo, esixir a continuidade do servizo.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, manifestando que é unha pena que ese servizo se perda xa que cada vez había mais mozos e mozas que acudían á casa da Xuventude. Polo tanto indica que está de acordo con instar á Xunta. Remata indicando que se era un contrato temporal poden volver a facelo e sacalo novamente, insistindo en que o que se pide é que continúe o servizo, xa que estaba funcionando ben.

Intervén Dna. Lara Fernández Fernández-Noriega, concelleira de Cultura aclarando para que a opinión dos cidadáns non sexa difusa, que o primeiro contrato desa traballadora foi no Plan de Corresponsables, pero a prórroga xa está por función pública da Xunta. Recorda que Rueda dixo que faltaban espazos de encontro para os xoves de Galicia e que era preciso crear novos espazos. Considera contradictorio abrir novos espazos xoves e logo telos sen persoal eficiente. Comenta que esta rapaza estaba revitalizando o espazo, cousa que non fai o director xa que cambia constantemente as actividades. Comenta que se o Concello xa di o Partido Popular que non fai cousas, non será razoable permitir que a Xunta tampouco o faga. Recorda que moitos dos usuarios van alí porque non poden pagar cotas para ir á piscina ou a outro tipo de actividades, e moitos son nenos en exclusión social. Pregúntase porque hai problemas en reclamar á Xunta e remata reprochando que constrúan espazos que logo teñen que manter os Concellos.



Concello de Viveiro

Intervén D^a. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, afirmando que esta figura é polo programa Corresponsables e os fondos dese programa veñen do goberno central. Pregúntase quen dixo que non ía haber animador sociocultural. Reprocha que o Concello non abre as súas dependencias as fins de semana, salvo que haxa unha actividade en concreto. Recorda, con respecto á pista da casa da Xuventude, que no 2006 fíxose unha modificación puntual do PEPRI onde o promotor era o Concello, que dicía que calquera promoción que se puidese levar a cabo, implicaba para o promotor corrixir os impactos da rede metálica, e recorda que no 2007 estando a Sra. Alcaldesa como Primeira Tenente de Alcalde, recibiron protestas de toda a xuventude que viñan da Oje, como se chamaba popularmente nese intre ao espazo xove, debido a que se retirara a valla metálica e dese xeito a Xunta prohibíalles utilizar as instalacións. Matiza que nese intre estaba no goberno da Xunta o bipartito PSOE-BNG.

Intervén a Sra. Alcaldesa, recordando que a piscina está aberta de luns a sábado ata as 10 da noite. Con respecto ás instalacións municipais entende que hai unha ampla oferta de clubs con competicións e polo tanto están abertas e no que respecta á pista da Casa da Xuventude recorda que o seu peche foi a raíz dunha sentenza xudicial. Comenta que parece que se vai ao “y tu más” e non vén a nada iso neste intre. Aclara que o se pide é que se manteñan os animadores socioculturais que non supón moito no orzamento xeral da Xunta. Entende que anteriormente puido haber erros pero agora solicita que se centren niso.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, considerando pouco elegante non asumir os feitos e desviar o discurso, preguntándose se vai a Xunta manter o servizo en Nadal, e se se preveu esta situación, e ás dúas preguntas se respondeu cunha negativa. Solicita que a Xunta coide aos xoves e que manteña os espazos abertos que é o que se solicita na proposta.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, comentando que se está a retroceder 17 anos, aínda que sexa lexítimo recordar a historia. Entende que ao final o que fai falla son animadores e neste intre estíbese a facer un bo traballo no Espazo Xove. Considera que tamén hai que plantexarse que os xoves non teñen a onde ir os fins de semana e deberíanse buscar lugares a nivel público para eles. Alega que agora aos pavillóns tampouco se pode ir xa que ten que haber un seguro de responsabilidade civil, e considera unha mágoa a sociedade que se está creando, poñendo trabas para que poidan practicar deporte, poñendo de exemplo desa sociedade, que pola protesta dun veciño, se cerre a pista da casa da Xuventude e todos os mozos de Viveiro non teñan onde xogar.

Intervén D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, concelleira de Cultura, entendendo que debería ser un tema no que todos estivesen unidos e se non hai espazos e o que hai está funcionando ben, deberían estar todos os partidos políticos a unha para reclamar e que non desapareza. Considera que é moi triste irse por outros derroteiros, sendo un punto digno de votar por unanimidade.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a proposta, con 10 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSOE e BNG, 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo Partido Popular, co seguinte contido:

PRIMEIRO: Instar á Xunta de Galicia e, en concreto á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a reconsiderar esta medida, mantendo os postos de animadores e animadoras socioculturais nos Espazos Xoves de Galicia.

2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE A FIN DE SOLICITAR ACORDO PARA A PRESENTACIÓN Á CONVOCATORIA DOS PREMIOS NACIONAIS DE DISCAPACIDADE REINA LETIZIA NA CATEGORÍA CULTURA INCLUSIVA.

Vista a moción presentada polo grupo municipal do PSOE que se transcribe a continuación:



Concello de Viveiro

“Viveiro desenvolve dende 2018 a iniciativa SUPERARTE que consiste nunha mostra teatral realizada por persoas con diversidade funcional implementando, deste xeito, un programa cultural co obxectivo de integrar a través da arte. Ao longo das seis edicións de percorrido abordáronse distintos aspectos tratando de dar visibilidade a distintos colectivos.

A primeira edición estivo adicada á comunidade con cegueira, sendo en 2019 a comunidade xorda a protagonista.

Despois do parón provocado pola pandemia en 2021 a comunidade con TEA foi a protagonista das accións desenvolvidas. En 2022, decidiuse implicar ao colectivo de persoas con enfermidades raras e crónicas, sendo as persoas con dano cerebral adquirido as destinatarias da edición do 2023.

Este ano, baixo o fio condutor do Síndrome de Down, Viveiro acolleu, durante seis días un amplo programa que inclúe a novidosa iniciativa o Comercio Inclúe onde persoas con diversidade funcional se integran laboralmente nos establecementos comerciais da vila. As persoas participantes realizaron un taller de autoretrato e de percuterapia con artistas locais e desenvolveuse unha programación cultural de danza, contacontos e espectáculos teatrais co obxectivo de visibilizar a diversidade.

O desenvolvemento de SUPERARTE supuxo o comezo de proxectos máis ambiciosos como Viveiro Inclúe, que xa está plenamente consolidado grazas ao compromiso do tecido asociativo local, así como a consecución das mochilas vibratorias coa colaboración da Fundación La Caixa para que a programación cultural poda ser máis inclusiva.

Ao longo destas VI Edicións constatamos a implicación e concienciación da sociedade viveirense para facer do noso municipio un lugar máis inclusivo para as persoas con diversidade funcional, SUPERARTE é xa un sinal de identidade local e por esta traxectoria consideramos que este proxecto reúne a solidez necesaria para presentar a candidatura aos citados premios.

Propoño ao Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte acordo:

1. Presentar a iniciativa SUPERARTE á próxima convocatoria dos Premios Nacionais de Discapacidad Reina D.^a Letizia convocados polo Real Patronato Español de Discapacidad.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, concelleira de Cultura, dando lectura á moción.

Intervén D^a. Saray Ventura Fernández, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, comentando que están de acordo coa moción e van a votar a favor da mesma pero apunta que considera necesario que se achegase memoria económica para saber o impacto que terán estas propostas no futuro, e así ampliar o argumentario para a votación.

Intervén D^a Iria Cotelo Cociña, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, informando que van votar a favor. Matiza que con independencia de que se acorde ou non, quere recalcar que a iniciativa de Superarte pode considerarse única e por iso aproveita para recoñecer publicamente á concellería de Benestar Social. Entende que a categoría á que se optaría sería a cultura inclusiva e pregunta se se sabe cando sairá a próxima candidatura.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, manifestando que van votar a favor da moción.

Intervén D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, concelleira de Cultura, agradecendo o recoñecemento público e recalcando que é unha labor do equipo de goberno. Comenta que recolle a petición por parte do Partido Popular, indicando que con esta participación o que se pretende é dar a coñecer Superarte, e tanto se se acada ou non se acada, van seguir comprometidos para que este pobo sexa inclusivo e todos teñan as mesmas oportunidades.

Non existindo debate sobre este asunto, procedese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta, co seguinte contido:



Concello de Viveiro

PRIMEIRO. Presentar a iniciativa SUPERARTE á próxima convocatoria dos Premios Nacionales de Discapacidad Reina D.^a Letizia convocados polo Real Patronato Español de Discapacidad.

3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE A CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP ASUMA AS SÚAS COMPETENCIAS CON RESPECTO AOS CONSERVATORIOS CON TITULACIÓNS OFICIAIS.

Vista a moción presentada polo grupo municipal do BNG que se transcribe a continuación:

“MOCIÓN PARA QUE A CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP ASUMA AS SÚAS COMPETENCIAS CON RESPECTO AOS CONSERVATORIOS CON TITULACIÓNS OFICIAIS

En Galiza existe unha rede de Conservatorios con ensinanzas especiais no ámbito musical regradas e que as competencias son asumidas polos Concellos onde se atopan situados, aínda tendo alumnado que reside nos Concellos próximos ao incluso de vilas onde os conservatorios da Xunta se atopan sen prazas vacantes dos instrumentos escollidos polas estudantes, Amais temos centros que reciben estudantes do país veciño, Portugal.

Este é o caso de 23 conservatorios en todo o País. Concellos tan diversos como Tui, o Barco de Valdeorras, Vilagarcía de Arousa, Carballiño, Redondela, Pontearreas, Viveiro, Carballo, Cangas ou Monforte de Lemos entre outros, que deben asumir a xestión e o custo practicamente completo dos centros educativos de Música, con titulación oficial e reglada, no Grao Profesional e que dependen directamente da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

Deste xeito, danse unha serie de circunstancias absurdas e contraditorias que só teñen o obxectivo claro, por parte da administración autonómica, de non asumir a competencia propia da Consellería de Educación e así evitar os custos que supón o mantemento, dotacións e recursos, tanto materiais (instrumentos por exemplo) e dos docentes e non docentes do cadro de persoal.

Non parece apropiado que un Concello asuma o custo desta etapa formativa ao alumnado matriculado no Conservatorio cando a súa residencia está noutro Concello. Tampouco debera suceder que teña que facerse cargo do custe da contratación dun programa informático concreto qu xestione as actas, solicitude de títulos... de xeito normalizado segundo os criterios da Consellaría.

Por outra parte, o alumnado matriculado nos conservatorios municipais están nunha situación clara de discriminación con respecto ao alumnado de conservatorios dependentes da Xunta e situados nas cidades (Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Ferrol, Ourense ou Lugo), por cuestión do importe das taxas, que nos centros municipais sempre son maiores por mor do custo do servizo, recollido en ordenanzas municipais, aínda que no cobren unha mínima parte do necesario, permitido polas Intervencións Municipais por considerarse un servizo de interese xeral.

Tampouco, estes centros municipais, teñen acceso ás listaxes de profesorado da Consellaría para a substitución de baixas laborais, permisos ou vacacións, ou incluso para cubrir vacantes, dándose en numerosas ocasións situacións de imposibilidade de cobertura das mesmas e a consecuente falta de atención docente ao alumnado. Estas clases perdidas son practicamente imposible de recuperar por cuestión de horarios e incompatibilidade do alumnado con outros estudos ou actividades.

Por outra parte, os Concellos onde se atopan estes centros educativos Municipais, teñen unha longa tradición de agrupacións de diferentes ámbitos musicais e unha gran demanda de prazas, polo que no é factible a súa desaparición e peche.

Polo tanto, este posicionamento por parte do Goberno da Xunta de Galiza con respecto ao abandono das súas competencias está xerando un espolio de recursos dos Concellos. Éstes asumen a xestión e gastos que xeran servizos como as Escolas Infantís, Residencia de Maiores, Colexios no rural, Servizo de Axuda no Fogar, e un longo etc., mingando dese xeito os recursos orzamentarios en millóns de euros e deixando de executar actuacións, servizos e obras que si son competencia propia da administración local.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do BNG formula as seguintes Propostas:

A Corporación Municipal insta ao Goberno galego a asumir por parte da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e FP, as seguintes accións:



Concello de Viveiro

- 1.- *Asumir a súa competencia con respecto aos Conservatorios con titulacións oficiais, xestionar e costear o servizo educativo na súa totalidade: mantemento, dotacións, materiais educativos e instrumentos, persoal docente e non docente.*
- 2.- *En tanto planifican asumir a competencia dos conservatorios municipais galegos, convocar axudas aos Concellos que cubran os custos da súa xestión, colaborar na substitución ou cobertura de prazas vacantes do persoal docente mediante as listaxes da Consellería de Educación e proporcionar as ferramentas informáticas que se precisen.*
- 3.- *Crear unha rede de conservatorios profesionais de música, agrupando os centros por comarcas, de acordo a criterios territoriais de proximidade, así como de poboación total, tendo en conta unha oferta equilibrada territorialmente e atendendo aos datos de poboación e propostas dos diferentes Concellos.*
- 4.- *Escoitar previamente ás direccións dos centros e as comunidades educativas e aos Concellos para avanzar no obxectivo de que pasen a se Conservatorios da Xunta de Galiza."*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal "gestiona" que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D^a Iria García Cotelo, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, facendo un resumo e unha explicación da moción. Comenta que hai cuestións moi importantes das que non se fala, considerando evidente que aos Concellos lles custa máis asumir os custos dos conservatorios en moitos casos e pregúntase que pasaría se se tivesen que pechar os conservatorios, quedando miles de estudantes sen acceso a esta formación ou tendo que desprazarse ás grandes cidades, polo tanto o alumnado é o que levaría a peor parte e sofre a discriminación por orixe. Analiza que se a Xunta asumise os custos, o Concello podería destinar máis de un millón de euros a outras cuestións e tamén reducirían custos as familias xa que eliminarían custos mensuais. Engade que o Concello incluso reduciría custos en programas informáticos que utiliza para os títulos do conservatorio de Viveiro, que son oficiais e que levan o selo da Consellería, pero págaos o Concello. Remata lendo os acordos da moción.

Intervén D^a. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, indicando que a moción é xenérica, na que veñen incluídos todos os conservatorios de Galicia, non só o de Viveiro e entende que se vai debater no Parlamento Galego e alí contestará quen ten a competencia para facelo. Recalca que o que se pide na moción é asumir os conservatorios que xa hai creados e polo tanto resta a posibilidade a outros Concellos que non o teñan, para implantalo. Pregúntase que se no caso de que se crearan eses novos conservatorios tamén entón a Xunta debería asumir os custos deses. Recorda que non é unha educación obrigatoria e pregúntase se as escolas de música que hai no rural, entrarían tamén. Entende que é un asunto que se debe de falar no Parlamento Galego e non no pleno de Viveiro. Alega que a Deputación dixo que asumiría o 50% do Conservatorio nesta lexislatura e solicita que xa debería poñer os cartos sobre a mesa, que xa debe neste intre. Remata indicando que mentres o goberno galego non diga o que vai facer e mentres que a Deputación non se pronuncie sobre o que prometeu, o Partido Popular de Viveiro non vai a emitir voto.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, indicando que o resultado do Parlamento xa se sabe, entende que vai saír non. Recorda que no 2016 a Alcaldesa, o Director do conservatorio e él foron a unha reunión a Santiago, na que os atenderon dous directores xerais e deixáronlles claro que non estaba na folla de ruta facerse cargo de ningún conservatorio máis. Apunta que daquela xuntáronse 21 conservatorios para unificar posturas e non se conseguiu máis. Entende que o caso de Viveiro ten unha diferenza con respecto aos restantes, polo ámbito xeográfico de actuación, xa que este conservatorio abarca uns 80/90 km de área de influencia de alumnado posible. Informa a nivel estadístico que o ano pasado houbo 237 matrículas, o 75% de Viveiro e o resto de Concellos limítrofes, tendo no grado profesional 97 alumnos. Engade que dende hai 4 ou 5 anos a Xunta está aportando algo a través dunha subvención que antes non facía, a axuda é de sobre 75000 € ou 80000 €, e a Deputación aporta unha axuda de 15.000 €. Reprocha que os acordos que poida haber comprometidos no goberno, ao Partido Popular pouco lle importan, aludindo



Concello de Viveiro

a que o que lle debería importar sería apoiar a causa para que Viveiro medre.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, apelando á historia como na anterior moción, recordando que o bipartito tivo con respecto a Viveiro dous grandes erros: por unha parte non asumir o conservatorio e por outra parte non licitar a VAC. Recorda que cada 2 ou 3 anos vense traendo ao pleno este asunto pedíndolle á Xunta que o asuma. Entende que asumir todos os conservatorios, terá un gasto 30/40 millóns de euros. Di que están de acordo en que haxa Conservatorio pero supón unha inversión moi grande para este Concello, e polo tanto hai que buscar alternativas. Informa que van votar a favor, xa que entenden que o debería asumir a Xunta e recalca que xa se ten votado máis veces.

Intervén D^a Iria García Cotelo, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, informando que en outros Concellos esta moción obtivo apoio unánime da Corporación, sendo unha demanda colectiva para que a Xunta dea unha resposta firme no Parlamento. Responde que con respecto á apertura de novos conservatorios, entende que se se abren outros conservatorios será porque hai demanda e esa demanda deberá atendela a Xunta. Considera que deberían empezar polos que teñen unha titulación de grao profesional. Alega que con respecto ao conservatorio non só se trata dun custo económico, senón que tamén o colectivo educativo merece igualdade de dereitos con respecto aos conservatorios que si dependen da Xunta, reivindicando que a educación musical debe de ser un dereito e non un privilexio e apela á responsabilidade política de toda a Corporación.

Intervén D^a. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, comentando que non todos os Concellos son iguais, posto que en todos os Concellos non hai como en este, un acordo de goberno e estase á espera de se se cumpre ou non. Entende que hai unha palabra dada, e o Partido Popular vai esperar a eses dous anos para ver se se cumpre ese compromiso e nese momento todos se van retratar. Recorda que o primeiro punto do acordo de goberno era que a Deputación tiña que facerse cargo do 50% do gasto do conservatorio e por ese acordo é polo que hai este goberno. Entende que se o Partido Popular prometera o que logo non puidese cumprir ao mellor non estaban aí. Por iso entende que Viveiro non é como todos os Concellos. Considera que para as arcas municipais viría mellor que asumise a Xunta este e máis outros gastos pero agora o Concello de Viveiro está noutro momento, está no momento de ver se todos os políticos cumpren a palabra que se deu aos cidadáns hai un ano para formar goberno.

Intervén a Sra. Alcaldesa alegando que estase a falar do futuro do conservatorio, e entende que aínda que a moción inclúe todos os conservatorios, despois das sete cidades un do mais grande, xunto con Lalín é o de Viveiro, ademais de por extensión xeográfica tamén porque é un dos que máis alumnos ten.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, alegando que a moción para que asuma os custos a Deputación ven máis adiante na orde do día. Insiste que nesta moción estase a debater para que a Xunta asuma o que lle corresponde. Informa que no decreto publicado o 19 de xaneiro de 2011, establécese o Regulamento Orgánico dos Conservatorios de Música de Galicia, que fala de todo menos de quen ten que pagar. Se é unha ensinanza regrada, controlada, na que son os inspectores tamén son da Xunta, debería asumirse por quen ten a competencia. Recorda que a resposta naquela reunión á que foron a Santiago foi que fixeran unha escola de música. Entende que se se quixese unha escola de música non faría no seu día o Partido Popular un Conservatorio. Pregunta de onde saen os cartos para pagar todo, respondendo que dos contribuíntes e remata aludindo a que a administración máis potente é a Xunta.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, matizando que todos os que están nesta sala son concelleiros do Concello de Viveiro e parece que se confunde con ser Delegado da Xunta no Concello de Viveiro. Aclara que neste intre estase a debater esta moción e que iso tamén retrata. Reitera que queren que o conservatorio sexa asumido pola Xunta xa que é bo para o Concello e vaise a votar que o leve a Xunta. Recorda que a competencia en educación é da Xunta. Reitera que o que se está a debater agora é este punto, independente do



Concello de Viveiro

seguinte, e incluso tendo en conta o acordo do seguinte punto agora xa podería asumir a Xunta o outro 50%. Informa que van votar a favor.

Intervén D^a Iria García Cotelo, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, incidindo en que non se fala só do custo económico senón que tamén se fala de que o alumnado debería ter dereito a una ensinanza de calidade, xa que se a Xunta asumise eses conservatorios os profesores non terían que comprar os seus propios instrumentos e os alumnos non terían que pagar unha couda mensual, conseguiríanse dereitos de acceso a unha educación pública e regrada. Reprocha que se a Xunta se fixese cargo das súas competencias non habería que andar adoptando acordo ningún.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a moción, con 10 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSOE, BNG e Por Viveiro e 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo do Partido Popular, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Asumir a súa competencia con respecto aos Conservatorios con titulacións oficiais, xestionar e costear o servizo educativo na súa totalidade: mantemento, dotacións, materiais educativos e instrumentos, persoal docente e non docente.

SEGUNDO.- En tanto planifican asumir a competencia dos conservatorios municipais galegos, convocar axudas aos Concellos que cubran os custos da súa xestión, colaborar na substitución ou cobertura de prazas vacantes do persoal docente mediante as listaxes da Consellería de Educación e proporcionar as ferramentas informáticas que se precisen.

TERCEIRO.- Crear unha rede de conservatorios profesionais de música, agrupando os centros por comarcas, de acordo a criterios territoriais de proximidade, así como de poboación total, tendo en conta unha oferta equilibrada territorialmente e atendendo aos datos de poboación e propostas dos diferentes Concellos.

CUARTO.- escoitar previamente ás direccións dos centros e as comunidades educativas e aos Concellos para avanzar no obxectivo de que pasen a se Conservatorios da Xunta de Galiza.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA IMPULSAR A REHABILITACIÓN DO CONSERVATORIO DE VIVEIRO E GARANTIR O FINANCIAMENTO COMPROMETIDO POLA DEPUTACIÓN NO ACORDO DE GOBERNO DO 2023.

Vista a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular que se transcribe a continuación:

“El Conservatorio de Viveiro es uno de los edificios históricos más representativos de la arquitectura de primeros de siglo en nuestra ciudad. Su construcción data de 1911 y su estilo ecléctico , junto al ya desaparecido casino de Viveiro, formaban un conjunto armónico e inigualable que aportaba dinamismo, categoría y señorío a la fachada marítima de nuestra ciudad.

Antiguamente sede del elegante Hotel “Villa Venecia”, uno de los primeros establecimientos hoteleros en nuestro Concello, y hoy convertido en Conservatorio Profesional, es el epicentro de la música en Viveiro y cuna de músicos y profesionales de la comarca de A mariña y Ortegal.

Sus actividades formativas le señalan como el más destacado centro cultural, expositivo y de promoción de jóvenes y no tan jóvenes talentos que tienen en este espacio la oportunidad de exhibir sus aptitudes y establecer vínculos sociales y aprendizajes musicales que los forjarán como profesionales del mañana. Destacar además su disposición y colaboración con actos, fiestas y efemérides del Concello, muy de agradecer como vivariense.

Más su estado presenta deficiencias propias del uso y el paso del tiempo que habría que valorar y corregir, tanto en el interior como en la fachada y los balcones del inmueble, además de proceder a la insonorización de las aulas y la modernización del mobiliario.

La relevancia que tiene para el Concello este servicio municipal , ofrecido por personal municipal, solo queda empañado por el gran coste que supone mantenerlo (1.100.000 euros anuales), por lo que desde hace años han



Concello de Viveiro

sido muchas las voces que se han levantado intentando que la Xunta de Galicia lo asuma como propio, cuestión descartada por el ente autonómico.

En Junio del 2023, conocíamos el acuerdo de Gobierno que le daría la alcaldía a la sra Loureiro y la tenencia de la alcaldía a la sra Bermúdez. Bernardo Fraga portavoz de XV , hacía públicos los 15 puntos que le empujaron a apoyar la investidura exigiendo en el primero de ellos, una SUBVENCIÓN ANUAL DEL 50% DEL COSTE DEL CONSERVATORIO, lo que significa que la Diputación provincial de Lugo le “ debe” a Viveiro 1.100.000 euros de los ejercicios 2023 y 2024.

Es por eso que instamos al Gobierno municipal a :

1.- Garantizar la financiación comprometida para el Conservatorio Municipal exigiéndole a la Diputación que cumpla el acuerdo de investidura e incluya en sus presupuestos para el 2025 la cantidad de 1.650.000 euros correspondientes a las anualidades 2023, 2024 y 2025.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D^a. María de Carmen Gueimunde González, procedendo á lectura da moción.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, que comeza a súa intervención recordando que no ano 2023 o déficit foi 946.585 €. Entende que a Deputación de Lugo demostrou durante todos estes anos estar ao día co Concello de Viveiro. Informa que para a reparación integral do edificio do conservatorio fíxose un proxecto ambicioso de remodelación integral e aforro enerxético, con pechamentos, pintura, etc. Solicitouse unha subvención de mais de 2.000.000 € a través dos fondos Next Generation e quedaron ás portas por poucos puntos. Engade que está claro que o Concello non pode asumir esa obra e indica que seguirán insistindo xa que o deterioro do edificio é evidente. Entende que non é o mesmo poñer o 33%, pero neste caso é o 100% o que pon Viveiro. Informa que a Deputación dá outro tipo de subvencións xa que para o Conservatorio directamente non as pode dar porque educación non é competencia dela e por iso dá para outras actuacións e ao final é o mesmo que se dea para unha cousa ou para outra, xa que a caixa do Concello é única.

Intervén D^a Iria García Cotelo, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, reprochando a falta de ideas do grupo do Partido Popular, que trae ao pleno mocións baseadas en ideas que non lle son propias. Entende que pretenden que o Concello siga asumindo o custo do Conservatorio e senón pode que o faga a Deputación, polo tanto ocrreselles todo menos que sexa a Consellería a que asuma o que é da súa competencia e supón que a Xunta estará encantada. Comenta que di o Partido Popular que a Deputación debe millón e medio, entón debe ser o mesmo con Vilalba e Monforte xa que son da mesma provincia e mentres tanto a Xunta dá palmadas e non asume as súas competencias. Considera que o Partido Popular perde o norte nas poucas ideas que presenta e por sorte o resto dos grupos parece que as teñen máis claras e coinciden co colectivo educativo. Fai una chamada á unión xa que se non é así entende que non se conseguiraánada.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, alegando que os de Vilalba e os de Monforte se defendan eles, que aquí tan so hai que defender a Viveiro. Informa que se se chegou a ese acordo era porque se supoñía que se ía cumprir e non se está facendo, o que pode verse mirando os orzamentos da Deputación. Opina que os orzamentos tanto da Deputación como da Xunta son decepcionantes para Viveiro. Anuncia que van votar a favor da moción dado que non sería lóxico votar en contra dun acordo establecido. Solicítalle ao Partido Popular que use este mesmo énfase que ten para traer una moción para retratar aos outros grupos como di, que o use tamén para que a Xunta asuma o Conservatorio. Considera que tamén se pode chegar a algún tipo de acordo coa Xunta que vai a ser áais duradeiro que o acordo coa Deputación, que ía ser un parche temporal, mentres que se a Xunta asume as súas competencias vai durar máis.



Concello de Viveiro

Intervén D^a. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestando que non sabe se se entendeu o que votou o Partido Popular no punto anterior, aclarando que dixo que sería bo que a Xunta asumise iso e máis cousas, xa que sería un alivio para Viveiro. Explica que por iso, na anterior votación o Partido Popular se abstivo, porque todas as portas están abertas e hai que seguir negociando. Entende que non lle corresponde a ela negociar xa que hai un goberno municipal e por iso se abstivo na votación, porque o día de mañá ao mellor está esixindo iso e outras cousas máis. Aclara que respecta os tempos do acordo e reprocha que non haxa valentía dende o BNG para dicir o que hai que dicir por quen o tería que dicir e pásase a bola a outra persoa. Reitera que hai un acordo de goberno que é o que se valora nesta moción. Pide que digan por que se mentiu e quen mentiu porque indica que alguén o fixo xa que non se cumpre o que está asinado, dubidando se se asinou o acordo do que se falou. Invita a que os saquen de dubidas a Sra. Alcaldesa e Bernardo Fraga. Engade que o Partido Popular non vai en contra de que a Xunta asuma os custos, nin que o faga a Deputación ou o Ministerio, recordando que o decreto é da lei de educación, e non di nada de quen ten que asumir os custos, danse os requisitos para habilitar os conservatorios, podendo ser municipais, posto que os municipios poden promocionalos ou pola Comunidade Autónoma. Remata dicindo que se se queren ensinanzas homologadas estas deben estar supervisadas.

Intervén D^a Miriam Bermudez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, solicitando a palabra por alusións.

Intervén D^a Iria Cotelo Cociña, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deixando claro que o Partido Popular de Viveiro non ten que dicir no pleno que mocións ten que defender ou non Iria Cotelo, informando que teñen unha organización e ninguén lle di a ela o que ten que facer e menos o Partido Popular.

Intervén a Sra. Alcaldesa, indicando que ao Partido Popular venlle ben que haxa este acordo, dado que así elúdense as competencias da Xunta. Responde que si que hai acordo asinado e engade que a Deputación pode axudar de moitos formas a Viveiro sen poñer expresamente esas cantidades directamente para o Conservatorio nos orzamentos, podendo haber consignación con convenios para outras cuestións por esas cantidades. Entende que o acordo se se cumpre cúmprese e se non se cumpre non se cumpre, sendo iso unha cuestión de responsabilidade política, reprochando que os membros do Partido Popular leven todo o pleno con risas cada vez que falan o resto de voceiros, considerándoo unha falta de respecto.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, reiterando que se asinou o acordo e informando que eles non teñen competencias para gobernar na Deputación que son un grupo de acción local. Entende que uns por outros ao final son os veciños de Viveiro os que o teñen que pagar. Remata dicindo que pouco máis teñen que aportar xa que as competencias son do PP e do PSOE e ningún cumpre.

Intervén D^a. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, dándolle a razón ao voceiro de Por Viveiro. Comenta que o compromiso do BNG ao respecto do conservatorio é que nos orzamentos fixo unha emenda aos orzamentos da Xunta na que quita 5.900.000 € para os conservatorios municipais, polo que tocarían a 200.000 € para cada Conservatorio, que polos datos que teñen a Viveiro non lle solucionaría moito, informando que esa quita propoñíase sobre os concertos educativos de Educación Especial, declarando que iso está publicado e tamén informa que o PSOE non fai emendas aos orzamentos. Recorda que a Deputación dá 15000 € para Conservatorio. Entende que todo isto atánelle tanto a Sra. Alcaldesa como á Primeira Tenente de Alcaldía xa que por ese acordo están no goberno e solicita que se diga se se vai a cumprir ou non.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a proposta, con 9 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PP e Por Viveiro e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo PSOE e BNG, co seguinte contido:



Concello de Viveiro

PRIMEIRO.- Garantir o financiamento comprometido para o Conservatorio Municipal exixíndolle á Deputación que cumpra o acordo de investidura e incluía nos seus orzamentos para o 2025 a cantidade de 1.650.000 euros correspondentes ás anualidades 2023, 2024 y 2025.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO PARA A CREACIÓN DO MUSEO DA IMPRENTA DE VIVEIRO.

Vista a moción presentada polo grupo municipal de Por Viveiro que se transcribe a continuación:

“No mes de xaneiro do ano 2024 prodúcese o peche da empresa Alco en Viveiro, empresa que na última etapa se dedicaba a distribución maiorista de papelería, xoguete e regalo e que durante moitos anos foi un referente no sector da imprenta na nosa cidade e tamén en toda a comarca. A empresa foi fundada por Antonio Santiago Seijo no ano 1911, pasando a denominarse Artes Gráficas Santiago no ano 1938, razón social que se mantivo activa ata hai uns anos.

Viveiro pode presumir dunha longa traxectoria no mundo da imprenta, o primeiro establecemento tipográfico de Viveiro foi fundado en 1877 polo tipógrafo e impresor Teodoro Botino, logo iniciaría a súa actividade a imprenta El Vivariense en 1890, posteriormente en 1912 comenza a actividade da imprenta do Heraldo de Viveiro. O longo de todo este tempo funcionaron outras imprentas: Temprano, Mi imprenta, de Jose Basanta Burgos, establecida dende 1931 e vendida a Luis Neira Río en 1948 que seu lugar a actual Gráficas Neira Brochs, a imprenta de Epifanio Gutiérrez Amabat, Luma, Diagar, Xoquina e Pemargo. Para facernos unha idea da importancia da actividade da imprenta en Viveiro, chega con dicir que no espazo temporal de 1886 a 2024 editáronse na nosa cidade máis de trinta cabeceiras de prensa.

Na actualidade, ademais de Gráficas Neira Brochs continúa en funcionamento a imprenta Gráficas Lar, fundada por Manuel F. López Martínez en 1980.

Para que toda esta bagaxe non se perda, dende Por Viveiro propoñemos a creación dun museo da imprenta na nosa cidade, que podería ubicarse no antigo Centro Comarcal da Mariña Occidental en Lodeiro, propiedade do Concello dende o ano 2016.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal de POR VIVEIRO traslada a seguinte proposta de acordo para a súa aprobación en pleno:

- 1. Adquisición por parte do Concello, ben sexa directamente ou en colaboración con outras administracións, da maquinaria e materiais da empresa Alco, actualmente en liquidación, que teñan valor museístico.*
- 2. Creación do Museo da imprenta no edificio do antigo Centro Comarcal da Mariña Occidental en Lodeiro.”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, procedendo á lectura do moción.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, preguntando o custo das máquinas, sinalando que as máquinas saíron a poxa nun concurso de acredores e teñen un valor que non coñecen, polo tanto solicita saber cando custaría adquirilas. Indica que non sabe se hai proxecto de orzamento para 2025 e se hai unha partida orzamentaria para ese gasto. Tamén ten dúbidas con respecto ao peso das máquinas, tendo dúbidas de se hai viabilidade técnica para poñelas no Centro Comarcal. Entende que esas son unhas cuestións que necesitan coñecer para poder emitir o voto. Recorda que no programa electoral o seu grupo levaba o Museo da Semana Santa e tamén consideran que ten máis peso en Viveiro, por historia, o mar que a imprenta, aínda que entende que agora esta aí a oportunidade de adquirir esas máquinas. Informa que hai iniciativas privadas en Celeiro, que están bastante en consonancia con una moción que se aprobou en pleno en febreiro de 2023 presentada polo BNG sobre museos ou centros de interpretación e ao longo dos seguintes meses trouxéronse varias mocions para propostas de museos e centros de interpretación, recordando que na acta dese pleno a voceira do BNG dicía que era un debate de gran calado e reclamaba facer unha mesa para valoralo. Engade que isto solicitáboo estando na oposición e invíttaa agora a facer o mesmo e iniciar ese tipo de debates, estando no grupo de goberno, para temas necesarios para Viveiro.



Concello de Viveiro

Intervén a Sra. Alcadesa, informando que están a favor da moción e con respecto as preguntas que formula o concelleiro do PP entende que o propoñente da moción terá un boceto coa información. Reseña que nos orzamentos de 2024 non hai nada disposto para isto pero como equipo de goberno parecélles unha boa proposta, informando que o Concello xa ten algunha máquina de imprenta e considera que habería que reorganizar o edificio.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, considerando a palabra “museo” algo grande, polo que entende que debería valorarse como Centro de Interpretación. Indica que de facerse debería ter persoal adicado para abri-lo en horario e habería que ver se era viable. Recorda que en distintos plenos xa se mencionaron outras necesidades para o Centro Comarcal e indica que o Concello ten falta de espazos para charlas, exposicións ou outros actos. Comenta que está preocupada por adquirilas e longo non poder poñer iso a andar. Recomenda facer un estudo previo sobre ese edificio xa que todo o que se quere facer nel non cabe e entende que é unha pena non aproveitar esta oportunidade para a compra pero aínda así ten dúbidas con respecto a aprobar así a moción tal cual está.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, agradecendo o voto a favor do PSOE. Con respecto ás preguntas do concelleiro do PP responde que non é técnico e polo tanto non sabe se o peso das máquinas é un impedimento para colocalas alí, pero matiza que se co peso das máquinas se desfondase, mal se estaría. Recorda que o seu grupo sempre loitou para que o Centro Comarcal fose o Centro Cultural de Viveiro e pasaron varios anos dende que pasou esa edificación ao concello e case non ten actividade. Engade que cando empezaron a preparar esa moción preguntaron polo orzamento, xa que esta maquinaria entra nun concurso de acredores e tamén preguntaron polo valor das máquinas que podían ter valor museístico. Indica que ten a cifra que lle deron pero como non pode negociar como concelleiro da oposición o que fixo foi dicirlle á Sra Alcadesa a súa idea, sinalando que a inversión é moi asumible, incluso para o concello estando na situación na que está, pero tendo en conta o pufo que hai da piscina e do conservatorio ao mellor unha inversión de poucos de miles de euros parecerá inviable, aínda que se é así considera que mal se vai. Pregúntase cantos concellos dos que teñen conservatorio e dos que se falou na anterior moción, non teñen un museo público como Viveiro. Considera que esta moción non é excluínte para o resto dos museos. Con respecto ás retencias por parte do BNG indica que se a moción sae para adiante despois traerán unha proposta para a apertura sen demasiado custo para o Concello. Recorda que na lexislatura pasada o BNG trouxo 5 museos ao Pleno e pola retencia do BNG entende que parece que os traían para telos pechados. Comunica que non seu caso é para telo aberto e matiza que tamén teñen ideas para esa apertura e non son moi custosas para o concello, indicando que hai ideas se hai imaxinación. Remata advertindo que é una boa oportunidade e que se non se colle agora vai desaparecer.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, aclarando que cando se refería ao estudo técnico non era que as maquinas desfondaran o chan, referíase ao transporte e como se meterán no Centro Comarcal e como se moverán dentro do edificio, xa que se pesan moito non é fácil tecnicamente. Refire que descoñecendo as cantidades e votarían a cegas. Informa que se van abster na votación xa que non teñen moitos datos.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, comentando que non se está a debater comprar a maquinaria senón que se esta a falar da creación un museo no Centro Comarcal e o que pon enriba da mesa é falar, organizar, dotar de contido o edificio pero entende que se se mercan hai que gardalas nalgún sitio e non sabe se habería onde. Considera que levalas para alí sen pensar nas necesidades totais parécelle precipitado. Matiza que se o punto fose só adquirilas teríao mais claro pero finalizalo xa no Centro Comarcal sen ter esa visión global veo menos.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, estimando que corresponde negociar a compra a quen ten a potestade para adquirilas, informando que ten unha



Concello de Viveiro

cifra asumible que pode rondar uns 15.000 €, e pregunta se o consideran caro, entendendo que non é caro e considerándoo interesante. Alude a que bota en falta eses bríos da concelleira do BNG doutros tempos, nos que viña ao pleno con varios centros de interpretación e agora preocúpase cando hai un Centro Comarcal infrautilizado. Segue a súa intervención valorando que se está xogando á defensiva e cando se xoga á defensiva sempre se perden os partidos. Reitera que bota en falta aqueles tempos e aínda que si que considera que se debe facer un deseño para levar a cabo esta cuestión, entende que para iso hai técnicos. Alega que non é una moción para que as máquinas queden nun almacén e recalca que cando o museo vaia para adiante traerían ao pleno unha proposta para que a apertura non custe case nada o Concello.

Intervén a Sra. Alcaldesa informando que se puxo en contacto con que ten en propiedade esas máquinas e o custo aínda pode ser un pouco menor e tamén hai que ter en conta que ao mellor non serven todas. Considera o custo asumible non só polo Concello xa que tamén pode ir por liñas de subvención da Deputación ou da Xunta. Está de acordo con que o edificio necesita organización e di que se falou en algún momento de Centro Cultural pero ao pechar o Casino, deixouse parte dos locais a asociacións que estaban alí. Entende que hai que buscarlles alternativas a esas asociacións e buscar unha solución a ese edificio.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a proposta, con 14 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PP, PSOE e BNG e 3 abstencións correspondentes aos concelleiros do BNG, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Adquisición por parte do Concello, ben sexa directamente ou en colaboración con outras administracións, da maquinaria e materiais da empresa Alco, actualmente en liquidación, que teñan valor museístico.

SEGUNDO.- Creación do Museo da imprenta no edificio do antigo Centro Comarcal da Mariña Occidental en Lodeiro.

3ª PARTE:

PARTE DE CONTROL

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía, incorporando ao expte do presente pleno listado das referidas resolucións.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS CONCELLEIROS NOMEADOS NA MODIFICACIÓN DE CONCELLEIROS DESIGNADOS POR PARTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA FORMAR PARTE DOS ORGANOS COLEXIADOS.

Dase conta da modificación de concelleiros designados por parte do grupo municipal do PSOE para forma parte dos organos colexidos. resolucións ditadas pola Alcaldía,

3.-ROGOS E PREGUNTAS.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 01/12/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-3894).

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

“O miradoiro do monte San Roque é un dos principais activos turísticos do noso Concello, motivo polo que é visitado por moitos veciños e visitantes durante todo o ano.

A estrada que leva ao monte, LU-P-6613 titularidade da Deputación é de dobre sentido ata aproximadamente o Pk 0+900 onde se bifurca cara o camiño da Traspоста de titularidade municipal para chegar ao miradoiro,



Concello de Viveiro

quedando o resto da estrada provincial so de sentido de baixada.

Neste cruce, a sinalización horizontal borrouse e a vertical resulta escasa porque se teñen dado casos de vehículos que ao chegar a este punto, e por erro, continúan pola LU-P-6613 que é de sentido único nese tramo provocando situacións de risco.

ROGO

Se comprometan a concretar un prazo, para o pintado da sinalización horizontal e para o reforzo da sinalización vertical e cara a evitar confusións dos condutores que implican situacións de risco”

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, respondendo que se valorará o contido do rogo.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, preguntando se non se vai a dar ningún prazo para o arranxo, comentando que se fala de pintar a estrada e non considera que se dera unha resposta correcta.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 01/12/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-3895).

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

“Este fin de semana celebrouse a cena solidaria da Asociación Española contra o cancro, en dito evento a señora alcaldesa puxo de manifesto o compromiso que a nosa cidade ten con esta causa. O noso grupo sumase a este compromiso como non pode ser doutro xeito.

A delegación da AECC de Viveiro sofre carencia de locais propios para o desenvolvemento da súa actividade, nunha nova publicada o pasado 10/04/24 cóntase que a señora alcaldesa acompañou a unha representación da AECC aos locais da antiga casa do mar de Celeiro e que a alcaldía estaba en tramites coa dirección provincial do INSS para a cesión dos locais “fuimos a verlo la semana pasada y estamos todos de acuerdo. Ahora tenemos que hacer los trámites”

ROGO

Informe ao pleno dos tramites realizados así coma en que punto se atopa esta xestión”

Intervén a Sra. Alcaldesa informando que o concello fixo de mediador, xa que o INSS valorou que o convenio debería facerse entre eles.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, preguntando se se fixo un seguimento do proceso.

Intervén a Sra. Alcaldesa, afirmando que si e di que aínda non está solicitado, que teñen que solicitalo dende Lugo.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 01/12/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-3896).

Intervén D. Vicente Vázquez Chao, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

“Os veciños e veciñas de Pénjamo viñan disfrutando do centro social , ubicado nun inmoble do grupo de vivendas Jesús Rodríguez Álvarez , compartindo dependencias con protección civil.

Dende hai máis dun ano non poden acceder nin utilizar ese espacio negándoseles a posibilidade de desenvolver as suas actividades e calquera explicación que xustifique esa decisión por parte do goberno municipal.

É por iso que rogamus dean conta das razóns que levaron ó PSOE e BNG a discriminar ós veciños e veciñas de Pénjamo.”

Intervén a Sra. Alcaldesa, comentando que preguntou ao responsable de Protección Civil como estaba ese local e comenta que á asociación de San Lázaro cedéuselle o local do antigo arquivo e non se lle cedeu nada en Pénjamo. Indica que hai constancia de que leva anos sen utilizarse e informa que o local dos veciños de Pénjamo, segue alí, sen que se lle cedese a ninguén e tampouco



Concello de Viveiro

ninguén o usou.

Intervén D. Vicente Vázquez Chao, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, informando que a asociación de veciños solicitou o 13 de decembro de 2023 por rexistro no Concello a cesión, e estase a expensas da contestación. Indica que ese local tñíao a asociación de veciños de Pénjamo e cambiouse a pechadura, dicindo que alí o PP facía mitins, puntualizando que o único mitin que se fixo foi no 2007 na plazoleta de Penjamo. Remata alegando que a asociación de veciños de Penjamo non minte.

Intervén a Sra. Alcaldesa, reprochando que a asociación de veciños debe ser el, porque ningún veciño dixo nada. Aclara que por darse mitins non ten problema algún, que se poden dar nos locais que se establecen e engade que non ten nada en contra dos veciños de Pénjamo. Inviita ao voceiro do PP a dar unha volta por alí e ver o que hai alí. Recalca que minte cando di que se cambiou a pechadura por dar mitins e remata indicando que cando queira van por alí e ven o que hai.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 27/11/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-8541).

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura do rogo.

"Dende mediados do mes de outubro a sala da primeira planta da Biblioteca Municipal está cerrada, feito que compromete o aforo en días de moita afluencia de usuarios, como pode acontecer nas vindeiras datas de Nadal.

Por todo o exposto, rogamos ao equipo de Goberno a explicación en pleno das causas que motivaron o pecha da sala e da data previstas para a súa reapertura."

Intervén a Sra. Alcaldesa, informando que hai escleroderma, que é o depredador da carcoma e comenta que o pladur púxose por enriba da madeira que había. Agora a empresa que leva o control das pragas no Concello está levando o tema e considera que hai que retirar a madeira en mal estado e volver a colocar o pladur. Comenta que se pediu un orzamento e agora buscouse financiamento e nestes días procederá a facer a actuación.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, preguntando se se ten valoración do gasto e se se sabe se se está estendendo a praga.

Intervén a Sra. Alcaldesa, informando que a empresa de pragas é a que ten contrato co Concello e está a facer un control rutinario. Indica que o orzamento para a actuación é de cerca de 2000 € e agora encontrouse financiamento xa que nun principio considerouse inversión por parte dos técnicos. Aclara que non foi sinxelo saber onde estaba o problema.

ROGO ORAL POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, dando lectura ao rogo.

MELLORAS ALUMEADO POLÍGONO INDUSTRIAL LANDROVE.

A mediados de novembro o Concello anunciou o remate da obras de mellora do alumeado público do polígono industrial de Landrove, semanas despois da noticia parece que o polígono segue a dúas velocidades e a rúa de acceso da empresa de máis plantilla do parque empresarial segue a escuras, feito que pode provocar risco para a seguridade dos peóns, rogando as xestións necesarias para o arranxo completo.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, indicando que falta un tramo debido a que hai un ano houbo un roubo do cableado de cobre. Aclara que na subvención non ía incluída a reposición do cableado e informa que vai a procederse ao arranxo antes de que remate o ano pero nestas datas foi imposible debido á instalación das luces de nadal que consumiron os tempos.



Concello de Viveiro

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, alegando que se o roubo foi hai un ano entende que parte do éxito dunha actividade está nos tempos de resposta e aquí os tempos están sendo moi lentos. Tamén considera que a orde dos factores debería ser primeiro o arranxo desta zona e despois anunciar as melloras, polo tanto entende que a orde non foi a correcta e a xente que traballa alí di que tamén o entende así.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, indicando que a xente que traballa alí tamén debería valorar que se tramitou unha subvención en nove días co que iso supón, buscando empresas e demais. Fíxose nese tempo xa que comunicouse nese prazo e non era posible amplialo. Pensábase realizar todo nos tempos da propia actuación pero non puido ser posible poñer a instalación do cobre ao mesmo tempo, reiterando que a intención era poñer todo xunto, pero non se puido prever xa que foi una actuación que se acometeu en nove días.

ROGO ORAL POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, concelleira do Grupo Municipal do BNG, comentando que como a única forma que ten o equipo de goberno de intervir no pleno, ao non ter unha figura como teñen o resto de grupos da oposición, vese na obriga de acudir ao rogo. Comenta a necesidade de promover unha modificación do ROM para que nas reunións dos voceiros se levante acta. Informa que na reunión do 27 de novembro houbo comentarios sobre a súa persoa pola voceira do PP que faltan á verdade e que a deixan nunha situación de desamparo. Por este motivo solicita unha comisión para valorar esa modificación do ROM.

Intervén a Sra. Alcaldesa, informando que se valorará.

Intervén D^a. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, solicitando a palabra por alusións e avisa que espera que conste en acta a súa solicitude.

Intervén a Sra. Alcaldesa, comunicándolle que non lle dá a palabra, que xa se respondeu ao rogo.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21:15 horas do día 4 de decembro de 2024, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

